

Unha de cal, despois da area
Anxo Tarrío Varela

Non hai moitas semanas falaba eu aquí, e non moi ben, por mágoa, de dous libros de narrativa que inauguraban unha colección xuvenil dunha meritosa e prestixiosa editorial que é de esperar consiga títulos mellores deica en adiante. O meu estado gripal daqueles días non xogou, quizais, en favor dos seus autores, pero unha vez recuperado da miña doencia observei que seguían a me parecer productos de usar e tirar. Recoñecía eu alí nembargantes que os mozos que cometeron aqueles atentados contra o bo gusto e contra o que normalmente se entende como proceso de modernización e de actualización do sistema literario galego, non estaban desasistidos de imaxinación, e iso sempre é unha garantía de que poidan sacar do seu maxín cousas máis dignas.

Un dos mentados mozos, concretamente, chámase S. Jaureguizar, ou polo menos así é como asina os seus libros. Caeu agora nas miñas mans un outro libro del, ben diferente e de ben diferente consideración, baixo o meu punto de vista. Fai o número 7 da colección Ferros de Edicións Xerais de Galicia e compóñeno unha serie de narracións moi breves acollidas baixo o título de *Freedom Spik*.

E velaquí que este outro título de Jaureguizar merece, coido eu, tódolos parabéns, por moitas razón. En primeiro lugar, porque, sabéndoo ou non o seu autor, as peciñas que nos ofrece poden poñerse á par da mellor tradición de narrativa curta, da que os galegos podemos presumir con toda seguridade, pois é o xénero máis consolidado, xunto á poesía lírica, do noso patrimonio literario.

Pero ademais este libriño de Jaureguizar, posúe, ó meu ver, outras virtudes que cómpre salientar polo que aportan de novidade e de bon facer literario. Moitas das peciñas son verdadeiras muxicas, no sentido acuñado polo famoso libro de Paco Martín (*Muxicas no espello*), verdadeiros microrrelatos, cando non poemas en prosa, que nos introducen no mundo contradictorio e esquizofrénico da cultura galega actual e sobre todo na que se está a dar no eido rural. Unha cultura na que se mesturan en asombrosa, pintoresca e por veces tráxica convivencia os mitos máis cosmopolitas da actualidade con costumes, hábitos e crenzas da máis enraizada e milenaria tradición. Certamente, Juareguizar non inaugura esta peculiar épica do noso tempo, porque sen dúbida é debedor da obra de narradores maiores ca el e pioneiros da búsqueda, dende rexistros literarios innovadores, desa Galicia que se atopou de súpeto invadida polas imaxes das máis exóticas culturas,

polas lacras propias dunha sociedade urbana, como a droga, ou o paro, polas imposicións dos modernos mercados e polas máis modernas mitoloxías, sen se dar desprendido dos seus propios anacronismos, entre os que, nembargantes, hai valores que ben merecerían conservarse, non só por seren verdadeiras pegadas da personalidade galega senón tamén por teren demostrado unha enorme capacidade de supervivencia e mesmo de pragmática operatividade en momentos de crise.

Jaureguizar, exercitándose nunha economía narrativa moi encomiable e enfiando as adoas deste rosario de breves xoias narrativas por medio de fíos conductores que nos manteñen sempre no mesmo escenario de ilusións, frustracións e perplexidades, resolve con moi bo tino unha obra que non é un simple agregado de situacións máis ou menos chuscas, como ocorre a miudo en obras de fasquía semellante, senón un conxunto homonéxeno no que as partes se complementan entre si e se apoian unhas nas outras ata evocaren na mente do lector un mundo que non por recoñecible e menos artístico e imaxinativo. Un mundo que responde moi ben ás inquiredanzas e pulsións de certa xuventude de hoxe, tiranizada pola tensión que se produce entre as ofertas tentadoras da sociedade de consumo, a necesidade de traballar (no mellor dos casos) en cousas que caen fóra dos seus intereses e as ilusións que, como tal xuventude, xenera día a día. Todo iso enzoufado pola perplexidade de ter que asistir impotente á barbarie terrorista e á violencia máis inútil e cruel, aínda por riba xustificada por certas instancias políticas. Un mundo, en fin, no que a realidade vólvese surrealista e o disparate habita a cotidianidade sen que xa a penas nos conmovia.

Eu sinto unha grande satisfacción, xa que logo, por poder botar algo de cal sobre aquela area que me fixo pronunciarme tan negativamente sobre outro libro deste novo valor da nosa literatura. Porque eu coido que deica en adiante ó nomear a Jaureguizar terei xa a sensación de estar pronunciando un novo nome do noso magnífico elenco de narradores seguros e sólidos.

O Correo Galego
1996